




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Aldán e Costa da Vela. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío. Extensión: 1,78km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Secuencia de praias e puntas acantiladas baixas na franxa costeira. A vertente presenta un perfil regular con pendente moderada, lixeiramente máis suave na parte traseira dos areais coincidindo coas zonas de desembocadura das canles fluviais. A cabeceira da unidade sitúase a uns 200m snm nas estremeiras do macizo granítico situado entre os altos de Facho de Hío e da Fanica.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A metade máis próxima á costa desta unidade componse de dous tipos de granitoides con afinidade calcoalcalina en serie precoz. Ao norte atópanse as granodioritas con megacristais de feldespato alcalino, mentres que na metade sur aparecen os granitos e granodioritas biotíticas. En cambio, na metade oeste, ou interior, o dominio litolóxico corresponde claramente aos granitos de feldespato alcalino, de afinidade alcalina. Nas pequenas enseadas costeiras recoñécense depósitos de areas de praia cuaternarios.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de valores acumulados entre 1200mm e 1400mm ao ano, sendo algo maiores no Facho de Hío, definíndose neste sector de montaña a variante Moi Húmida do dominio con rango de precipitacións entre 1400mm e 1600mm.

OS SOLOS

A vertente amosa a característica secuencia edáfica en función da topografía, de maneira que os solos máis profundos do tipo cambisol dístrico se localizan na parte baixa da unidade, os regosoles a media ladeira e na cabeceira, no Facho do Hío, os solos máis pobres e esqueléticos do tipo leptosol lítico onde ademais son abundantes os afloramentos do substrato rochoso. Os arenoles localízanse nas áreas sedimentarias da franxa costeira, principalmente nas praias de Arnelas, Piténs e Carballal.


AS AUGAS

A orientación das ladeiras dos cumios das elevacións montañosas situadas ao sudoeste da unidade (Pouso da Serra e Outeiro da Vela) conduce a auga de escorrentía cara á chaira costeira que culmina nas praias de Arnelas e dos Picos, en Augas Costeiras da Ría de Aldán (20164).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Entorno mariño das Rías Baixas. Unidade fundamentada en tres sectores sedimentarios areosos, os das praias de Arnelas, Pinténs e Terra da Laxe, entre os que aparecen acantilados baixos de paredes irregulares e desmanteladas. Así, nestes tramos rochosos, se ben o hábitat 1230 de acantilados mariños atlánticos non se desenvolve ben polos repoboamentos e a presión antrópica, si é posible contar coa presenza do 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, potencialmente presente tamén na parte alta das praias de area. Se as partes medias e altas das vertentes, ademais das cimas, son dominio do forestal de repoboamento, as suaves ladeiras baixas, contan con algunhas pequenas formacións de frondosas en recolonización a partir de límites vexetados de propiedades que adquiren singular valor ecolóxico como estreitos corredores.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O sector primario e as actividades industriais ligadas á pesca perderon o dominio en favor do aproveitamento turístico, debido á influencia das praias que compoñen a fachada litoral. Este feito queda demostrado coa presenza dunha antiga fábrica de salgadeira e unha conserveira en ruínas, aínda que o uso marisqueiro segue sendo significativo grazas aos polígonos de bateas existentes na ría. Nas zonas onde a vertente presenta un perfil regular con pendente moderada, máis próxima á liña litoral, alternan usos residenciais e turísticos (cámping, aparcadoiros, etc...) con parcelas de cultivo vinculadas ao núcleo tradicional de Pinténs e á extensión do núcleo do Igrexario (pertencente á unidade Porto de Aldán), que se apoian a un nivel superior na estrada EP-1008. As partes altas das ladeiras e as cimas do Outeiro das Hedras, da Vela e Alto da Fanica están dominadas por masas homoxéneas de árbores de repoboamento.

MORFOLOXÍA

O núcleo de poboación que tradicionalmente ocupou este espazo é o de Pinténs, ao noroeste da unidade, ao pé de Outeiro das Hedras. A súa morfotopoloxía tradicional vinculada a actividades agrarias e pesqueiras viuse alterada cos crecementsos máis recentes conformando un núcleo disperso que se espalla en diseminado ao longo da estrada EP-1008 e as agras máis próximas á fachada litoral e que se asocia ao uso residencial-turístico. Na zona sueste da unidade, entre a praia de Arnelas e a estrada EP-1008 deuse un crecemento vinculado ao núcleo tradicional do Igrexario (da unidade Porto de Aldán). Este desenvolvemento ocupa as parcelas antes dedicadas a actividades agrarias cunha tipoloxía de residencia unifamiliar illada que se apoia nos camiños tradicionais, desvinculándose do asentamento orixinal e sen chegar a gozar de funcionalidade urbana.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade está sucada pola estrada EP-1008, que une o núcleo do Igrexario co de Vilanova, pasando polo núcleo de Pinténs, dando acceso a toda a fachada nordeste da Ría de Aldán. Na unidade que nos ocupa dende esta vía principal, parten o resto de camiños ou estradas locais dotando á zona de conectividade lonxitudinal e transversal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como proba de antigos asentamentos romanos na zona atopáronse ruínas próximas á praia de Terra de Laxe e en Lavapes na zona de Arnelas e tamén algún achado illado no Outeiro da Vela. A fábrica de conservas da praia de Arnelas e a salgadeira da praia de Pinténs son testemuño da tradición marítimo pesqueira que dominaba na comarca e da arquitectura industrial que hoxe en día se mantén como patrimonio cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter desta paisaxe reside na pegada fisiográfica da montaña e o contraste que ofrece coas praias que ocupan o litoral. Trátase dunha paisaxe moi antropizada, onde os asentamentos se desenvolveron aproveitando o relevo máis suave das ladeiras coincidindo coas zonas máis próximas á fachada litoral. En certo modo segue mantendo un carácter marítimo pesqueiro que deixou a súa pegada nas antigas fábricas de salgadeira e de conservas e mantén esta relación socio-económica grazas á presenza das bateas existentes na Ría de Aldán. Pero este carácter tradicional estase reconvertendo cara a unha cada vez máis acentuada actividade turística debido ás praias que pespuntan o perfil costeiro.

DINÁMICA DA PAISAXE

Esta unidade paisaxística experimentou unha evolución na súa organización territorial. En liñas xerais, este proceso caracterízase por un progresivo abandono das terras de cultivo que rodean os núcleos tradicionais de poboación. Estes terreos serviron de soporte para crecementos residenciais e recentemente xurdiron novos usos, relacionados co aproveitamento das súas praias como reclamo turístico, que introduciron patróns de organización distintos no relativo ás tipoloxías edificatorias, a rede viaria ou a estrutura parcelaria. Nas zonas altas das ladeiras do Outeiro das Hedras, Outeiro da Vela e Alto da Fanica apréciase un aumento considerable de masas arbóreas, sobre todo de repoboamento, composta por pinos e eucaliptos en substitución de vexetación costeira como toxos e breixeiros.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe marcada polo contraste entre a montaña e a franxa costeira composta duns magníficos areais. Este sinal de identidade repítese ao longo da ría de Aldán. A evolución dos usos e modelos de ocupación do territorio non borraron completamente as trazas dos modelos orixinarios. Un exemplo constitúeno a fábrica de conservas na praia de Arnelas e a salgadeira na praia de Pinténs, testemuño da tradición marítima pesqueira e da arquitectura industrial que hoxe en día se mantén como patrimonio etnográfico. dende calquera punto da costa ofrécenos unha intervisibilidade coa cara oposta da Ría de Aldán. O enclave que conforma a Punta Corveira ou a praia de Arneles son un punto de observación excelente para obter visións lonxitudinais da unidade e dende o Outeiro das Hedras ou o Outeiro da Vela ofrécenos unha visión xeral da ría e da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecementos residenciais en diseminado desenvolvidos na valgada que desemboca na praia de Arnelas, que están desvinculados das funcións urbanas e rurais. A súa requalificación propónse co obxecto de integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



